NÉBOA

REVISTA ESCOLAR

Nº 33 - ANO 2018

LETRAS GALEGAS 2018

MARÍA VICTORIA MORENO

Ilustradora: Violeta

Texto: Daniel Fdez Pablo e David

CEP Carlos Casares
CENTRO EDUCATIVO

SUMARIO

Editorial.....2
Lembranzas.....3
Magosto.....5
Exposición: As abellas e o mel.....8
Calendario.....11
Violencia de xénero.....13
Nadal.....16
A paz.....19
Entroido.....21
Día de Rosalía.....27
Letras Galegas.....31
Proxectos.....36
Radio.....49
Biblioteca.....52
Escritores.....56
Escribimos..... 65
Obradoiros.....104
Deportes.....113
Inglés..... 122
Informática.....127
Música..... .131
Saídas.....134
PROA.....160
Pasatempos.....162
Despedidas.....164

Editorial

Ola querid@s lector@s, da revista Néboa!

Este ano tocounos aos nenos e nenas de 3º presentarvos todas as novas importantes que aconteceron durante este curso que xa está a piques de rematar. Como pasa o tempo!!!

Comezamos o curso cunha gran traxedia medioambiental. A nosa comarca, ao igual que boa parte da nosa benquerida Galicia, quedou devastada polo lume.

Fixemos un proxecto sobre as abellas, un insecto imprescindible para a vida, e que esta sendo atacada por unha especie invasora, as vespas velutinas.

Enterámosnos que fomos seleccionados, xunto ao IES de Salvaterra para un proxecto euporeo. Imos levar o galego por toda Europa!!!

Tamén nos concederon a nós e ao IES o proxecto: O Club de Ciencia. Salvaterra está de moda !!!

Este ano foi un ano importante para as MULLERES:

- Celebrouse a primeira folga mundial a prol da IGUALDADE.
- Para unir as mulleres e a Ciencia, fixemos o proxecto das MULLERES CIENTÍFICAS.
- Dúas mulleres ESCRITORAS visitaron o noso cole.
- O Salón do libro estivo adicado ás MULLERES DE CONTO.
- MARÍA VICTORIA MORENO, é homenaxeada co Día das Letras Galegas
- Todas as MESTRAS deste cole son mulleres.

Imaxinamos que estaredes desexos@s de ler o contido da nosa revista, así que xa nos despedimos.

DISFRUTADE DA LECTURA. CANDO REMATEDES...

SEREDES MOITO MÁIS INTELIXENTES!!!!

ALUMN@S DE 3º

LEMBRANZAS DE EX-ALUMN@S

Eu, no colexio de Alxén, só estiven dous anos, xa que antes estiven en Salvaterra ata que remataron de construír o que agora é o CEP Carlos Casares. Fun un dos alumnos que inagurou o centro.

Iamos a pé ata o colexio e, case sempre, chegabamos tarde por ir xogando polo camiño.

A base de reclamar, ao seguinte ano de estar eu, puxeron un autobús. Despois, mentres esperabamos na parada, xogabamos na estrada e, cando escoitabamos o ruído dun coche ou dunha moto, apartabamos. Daquela non había tantos coches como hai hoxe, pasaba un de cando en vez e tampouco había tantos perigos.

Lémbrome dos profesores don Xesús, que foi o director os dous anos que estiven eu, de don Manolo, don Ángel e don José Luis.

Neses anos había moitos máis rapaces que agora, chegou a haber tres clases de cada curso (A, B e C). Tamén lembro que algúns rapaces de oitavo xa tiñan corpo de mozos, pois antes terminabamos no ano que cumpriamos 14 anos.

Tamén lembro a celebración do Día da Árbore, plantabamos varias árbores e quitabamos fotos; para min era un día moi divertido.

Nesta foto podedes verme, son o primeiro pola esquerda, na segunda fila.

Daquela o meu xogo preferido era a bola, o que agora lle chaman as canicas; a verdade é que case sempre gañaba e, ao final, xa non me deixaban xogar. Tamén xogabamos ao fútbol e eu, a maioría das veces, era o porteiro. Pero daquela non había pavillón e xogabamos na entrada ou no campo de cemento. O que agora é o pavillón era terra e o campo de terra e o parque eran bosque.

A verdade é que cambiou moitísimo o colexio e síntome moi orgulloso do que fixestes con el.

Pero non todo era xogar, tamén había que estudar moito, principalmente na semana dos exames, esa non se pasaba nada ben.

Tamén me lembro de Julia, a do quiosco, que facía uns bocadillos moi ricos de tortilla, de queixo...e tiña unhas palmeiras, donuts e cropáns riquísimos, nada que ver coas lambetadas que hai hoxe en día.

Tamén estaba Manolo, o conserxe, que era moi boa persoa.

Eu estou moi contento de que os meus fillos, primeiro Marcos, que xa rematou, e agora David, que acaba este ano, estudasen neste colexio.

O segundo, pola esquerda, na segunda fila, nunha celebración do Día da Árbore

Antonio Castro Rodríguez, pai de David de 6º e do ex-alumno, Marcos

MAGOSTO NO COLE

O día 17 de novembro celebramos no noso cole a primeira gran festa do curso, *o Magosto*. Empezámolo día facendo os cucuruchos para botar as castañas asadas mentras os delegados e os subdelegados axudan á mestra Luz a montar o circuito de xogos populares na pista cuberta.

Máis tarde da comezo o concurso *Coco ~ Alxén*, baixamos todos á entrada da escola, sentámonos por onde podemos, chan, escaleiras... e esperamos a chegada das xuízas. Despois do discurso, deron o seu veredicto: este ano houbo un premio especial para aquelas cabazas que tiveran relación coa exposición, que era "O mel e as abellas".

Moitos parabéns aos gañadores!!! Aquí os tedes

Ao rematar o concurso saimos ao recreo a merendar e a coller forzas para o que viña despois, **Os Xogos Populares.** É o momento de xogar no circuito montado no pavillón pola mestra Luz e os delegados e subdelegados das aulas. Había rás, petancas, zancos para maiores e para pequenos, carrilainas, aros e motos, o holandés (un xogo de madeira que nos encanta!!) buxainas, truco, chave e birlos. Non vos imaxinades que ben o pasamos!!

Para rematar o tempo de xogar, e para variar un pouco do xogo do pano de todos os anos, botamos unhas partidas ao Soga – Tira, deixámonos as mans, pero é que ninguén quería perder!!

Despois do xogo colectivo, vai o mellor de toda a xornada o ***Salto da Fogueira,*** como todos os anos

había dúas fogueiras, unha grande para os maiores e outra máis pequena para que os máis cativos do cole non tiveran medo de saltala, pasámolo en grande!! Pero sabedes que é co que máis desfrutamos?? Pois emporcándonos!!!

Logo do salto ven o momento do ***enfarruscamento***, miña naiciña, como quedaron as nosas caras!! Dan boa fe os aseos da escola, teriades que ver como quedaron!

Ups!! Que case se me esquece! Que sería dunha xornada de magosto sen unhas

boas castañas asadas? No noso caso ben asadiñas por dúas persoas moi importantes na escola, que sería de nós sen eles, estaban boísimas, ***moitas grazas*** Manolo e Carmen!!

Así pasamos a xornada do magosto, e xa estamos esperando con emoción a vindeira gran festa, que non será ata o nadal.

Ata a próxima!!

EXPOSICIÓN DO CEP CARLOS CASARES

Inaugurouse, coma sempre, coa festa do Magosto no día de Portas Abertas.

Neste curso elixiuse un tema que nos afecta a todas e a todos, e que, como escribiu Einstein, son a base da vida humana na Terra.

Esta interesante exposición quedou reflectida no almanaque do cole e foi o resultado dun proxecto trimestral que incluíu moito traballo de aula, visitas pedagóxicas coma a de Apípolis e a colaboración de toda a comunidade educativa. Temos que agradecerllo especialmente a Tomás Rivero quen, ademais de deixarnos moito material para a exposición, tamén nos deu unhas charlas moi interesantes.

Trouxéronnos tantas cousas que tivemos que usar o salón de actos e a aula de música para poder colocalo todo. A clase de música converteuse en biblioteca especializada en abellas e expositor de traxes de abelleiro e, o salón de actos, estaba organizado por recantos.

Na foto pódese ver o escenario transformado nunha alvariza con colmeas de distintos tipos: madeira, aluminio ... Na parte de abaixo das colmeas están a cámara de cría e a piqueira (que é por onde entran as abellas) e por riba colócanse os cadros onde as abellas fan as celas para meter o mel. Algunhas colmeas ata teñen ventá de ventilación.

Sobre a abella raíña había unha mesa chea de cousas: cúpulas, gaiolas de introdución, pistón marcador, escapes de abella, criadeiros de raíña... Sen a raíña non funcionaría a colmea, aínda que ela soa tampouco conseguiría nada porque só sabe por ovos e morrería de fame.

No fondo do salón víanse varios niños de vespa Velutina, unha especie asiática que se está alimentando das nosas abellas. É unha invasora que nin recolle pole nin fai mel. Trátase dunha praga moi difícil de eliminar. Un dos trebellos que as mata é a “arpa eléctrica” (vese na foto arrimada á parede) que serve para electrocutalas. Tamén podemos acabar con elas botándolles veleno.

Un dos laterais estaba cheo de trebellos que se usan en apicultura: alimentadores para darlle de comer ás abellas no inverno, cazapoles para capturar o pole, seladores de cera para poder derretela e selar os cadros, afumadores que se usan para atontar ás abelllas e poder coller o seu mel, pas, pinzas extractoras para coller os cadros de mel, coitelos desoperculadores para quitarlle a capa de cera virxe, cepillos …

E nunha mesa no centro da sala víanse algúns dos produtos finais do traballo das abellas: **mel** que elaboran a partir do néctar das flores, **cera** producida para construír os seus paneis, **xelea real** que é a substancia que segregan para alimentar ás larvas e á raíña e que polo seu alto valor nutritivo emprégase en terapéutica e alimentación, **própole** que obteñen as abellas das árbores e resulta unha mestura resinosa con numerosas propiedades (antioxidante, antibacteriano, antivírico …).

Diego e Nico de 5º

O CALENDARIO

No primeiro trimestre realizouse o calendario para o novo ano 2018, titulado "as abellas e o mel". Sendo esta a temática do proxecto para todo o colexio durante o 1º trimestre.

O calendario foi deseñado pelos nenos e nenas de todo o colexio e o equipo de Dinamización da Lingua Galega.
No nadal, agasallouse a cada neno e nena mais a súa familia e a cada mestra un calendario.

No seu interior podemos atopar diferentes fotos de colmeas, de niños de velutinas e diferentes aparellos e trebellos empregados para a elaboración do mel. Tamén se recollen imaxes da visita de Tomás Rimera, un esperto das abellas que nos contou moitas curiosidades.

Por última, neste calendario adicado ás abellas e ao mel, témen temos imaxes da xornada de portas abertas onde familiares e amigos visitaron a nosa exposición, da visita a APÍPOLIS e do concurso de calabazas "especial abellas"

ISABEL

8º

Entre todos fixemos un calendario cheo de información e curiosidades das abellas e o mel.